



COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2022

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 11 de febreiro de 2022 e extraordinarias dos días 6 de maio de 2022, 10 de maio de 2022 e 20 de xuño de 2022.
2. Recomendar ao profesorado a implementación efectiva dos sistemas de avaliación continua, procurando, así mesmo, a articulación de medidas para fomentar a asistencia ás clases, ao concebirse tal avaliación e presencialidade como ferramentas de carácter complementario.
3. Respecto ao Programa de avaliación da actividade do profesorado (Docencia anual) remitir á Área de Calidade os datos requiridos ao centro. En canto á información solicitada sobre as guías docentes só se cubrirá no caso do profesorado coordinador de materias.
4. Manter as metas asociadas aos obxectivos de calidade fixadas para o curso 2020-2021.
5. Validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020-2021, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2021-2022 e o seguimento dos títulos adscritos ao centro e delegar na vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para corrixir os erros materiais que se poidan detectar.
6. Respecto ao Plan de Melloras do Centro, engadir a seguinte mellora para o centro:
 - Elaborar unha guía para as persoas titoras do PAT coa información que poden trasladarlle ao alumnado na primeira reunión de apoio. Incluirase información sobre os procedementos de calidade de maior interese para o alumnado coa finalidade de garantir un mellor coñecemento polas persoas titorizadas do sistema de garantía de calidade do centro.
7. En relación coa toma de decisións en materia de presupostos:
 - a) Que o centro non asuma os gastos de encuadernación das teses de doutoramento.
 - b) Validar as seguintes propostas de gastos:
 - Renovación dos estores das aulas que se consideren necesarios.
 - Adquisición de varios monitores e teclados para a aula informática Aranzadi.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito, celebrada o día 27 de xuño de 2022, se publicaron no taboleiro de anuncios o día 29 de xuño de 2022.

A Secretaria da Facultade de Dereito
Asinado dixitalmente
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato. sdefdo@uvigo.es